

agpirina



Boletín informativo e vitaminizante da **AGPI**

Número 7 Xuño 2009 www.agpi.es



AGPI na Feira de Boloña

Editorial

Benquerid@s soci@s da AGPI:

Non vos soará a novo oír que a crise económica está a afectar máis profundamente do que se pensaba nun principio a todos os sectores produtivos da armazón industrial e empresarial do país, e seguro que a máis dun de nós nos tocou escoitar xa o da crise como escusa dun editor para non nos ofrecer tarifas máis aceptables. Pero que nos van contar a nós? O noso gremio vive nunha crise permanente dende hai 20 anos; levamos sobrevivindo a unha crise de dúas décadas, mergullados nun lamazal de menosprezo económico dende o primeiro día que empezamos a exercer como profesionais; e aí seguimos, aguantando a respiración nunha apnea de *record guinness* para poder sobrevivir. As tarifas ridículas, os atrasos nos pagamentos e as faltas de pagamento levan poñéndonos as cousas difíciles demasiado tempo, pero iso non fixo máis que fortalecernos: non só somos artistas, creadores, senón tamén superviventes. Por iso a crise que a todos amedrenta a nós non nos pilla de novas: levamos anos adestrando. Como dixo un querido por todos ex-presidente de AGPI, a quen mantereirei no anonimato porque Manel é moi modesto, «o noso gremio é pioneiro na crise».

E será por iso polo que os nosos socios non paran de traballar sen se render, de acumular *nominacións* e galardóns, de ser homenaxeados con exposicións, e de gañar recoñecemento como excelentes profesionais aló por onde pasan.

Tamén para a AGPI son tempos complicados, o cambio nas consellerías enfrontáanos a un futuro incerto, e os acordos para desenvolver os proxectos do 2009 quedaron en papel mollado... Pero non dúbidedes que volveremos a tentalo, chamaremos de novo a todas as portas que faga falla para que a vosa voz se faga oír.

Mentres tanto, non desfalezaades, perseverade, porque a nosa é unha carreira de fondo e neste maratón da supervivencia nós somos os incombustibles etíopes.

Santy Gutiérrez

Presidente de AGPI

'Planeta Fantasía' e os dereitos de autor

En maio de 2006 xurdiu un problema co programa televisivo *Planeta Fantasía*, producido por Lúa Films para a TVG, en que colaboraban as editoriais galegas cedendo os seus contos infantís, de forma que a totalidade das súas ilustracións eran mostradas en pantalla como fondo para a narración, en moitos casos sen consultar sequer cos autores destas. Vista a situación, desde a AGPI se lle proporcionou á produtora un contrato tipo, que, dado o propósito educativo e promocional da serie, non pretendía unha compensación económica, senón marcar condicións concretas de utilización, autoría, etcétera. Porén, como o programa continuara a súa produción, o asunto quedou sen resposta por parte da produtora. O tema volveu á actualidade a finais de 2008, coa edición e comercialización dos programas en formato DVD, de novo sen contactar previamente cos autores.

Esta posibilidade en ningún caso fora falada, e varios dos ilustradores decidiron que xa superaba claramente o propósito orixinal do programa. A iniciativa de Óscar Villán, tratouse de contactar con todos os ilustradores afectados, e finalmente responderon á chamada Jaime Asensi, Xosé Cobas, David Pintor (xunto co escritor, Carlos López), Manolo Uhiá, Marina Seoane, Kiko da Silva, Eduardo Pérez Baamonde e Mariana Riestra. Asesorados pola avogada de FADIP, Mariona Sardà, enviaron un requirimento a Lúa Films e á TVG. Finalmente, nestas últimas semanas chegouse a un acordo, e os autores van recibir unha compensación económica polo emprego das súas ilustracións no programa. Os custos do asesoramento xurídico para os socios de AGPI foron asumidos pola asociación. É un pequeno paso, mais talvez marque nestes ámbitos un novo tipo de relación con maior respecto polo traballo dos ilustradores en Galicia.

AGPIRINA #7 Xuño 2009

Coordinación: Pintureiro. **Maquetación:** Luis Sendón.

Comité de redacción: Henrique Torreiro, GoChi, Manel Cráneo, Javi Montes, Santy Gutiérrez, Pintureiro.

Imprime: Lugami, Betanzos (A Coruña). **Foto da portada:** Pintureiro

ASOCIACIÓN GALEGA DE PROFESIONAIS DA ILUSTRACIÓN

Rúa Cardeal Cisneros 4-entr. dta., 15007 A Coruña
Apdo. 799 A Coruña
Tel. 981 908 874
www.agpi.es correo@agpi.es



AGPIRINA editase co apoio de



AGPI na Feira de Boloña

Entre os días 23 e 27 de marzo desenvolveuse a **Feira do Libro de Boloña 2009**, con Corea como país convidado. Por cuarto ano consecutivo, AGPI estivo representada na feira dentro da delegación oficial da Xunta de Galicia, onde compartimos caseta editores, escritores e ilustradores galegos.

Durante a feira traballamos na **difusión do traballo dos nosos socios**, mediante a entrega nos distintos stands do noso primeiro catálogo editado: a **Guía AGPI**. Así afianzamos lazos coas editoriais que xa visitáramos en anos anteriores, ademais de facer novos contactos. Polo xeral, este tipo de guía non se move por parte doutros países, polo que comprobamos que é unha ferramenta de enorme importancia para a nosa promoción profesional. O servizo que ofrecemos aos nosos socios neste caso é case o dunha axencia. A recepción por parte dos editores foi máis que positiva na meirande parte dos casos.

A representación de AGPI estivo, ademais, nos actos oficiais con presenza galega:

Conferencia de prensa da IBBY. O 23 de marzo foi presentado oficialmente o próximo congreso do IBBY, que decorrerá en Santiago de Compostela en 2010. En representación de Gálix, entidade representante do IBBY en Galicia, falou **Xosé Antonio Neira Cruz**, explicando os aspectos organizativos e a importancia de que o IBBY se celebre en Galicia. Será a terceira vez na longa historia deste congreso que se celebre en España —as cidades que acolleran antes este evento foron Madrid e Sevilla—. O cartel anunciador do evento está a cargo do noso socio **Xan López Domínguez**. A IBBY (International Board on Books for Young People) é un colectivo internacional de asociacións e persoas interesadas en fomentar a lectura entre os nenos e os mozos. Foi fundada en Zürich en 1953 e hoxe ten a súa sede en Basilea. Na actualidade conta con máis de sesenta seccións nacionais.

Exposición «O álbum galego: 25 miradas para unha década». No acto de presentación, o 23 de marzo, interviñeron **Xan López Domínguez** —en nome dos ilustradores participantes na mostra—, **Helena Torres** —no da delegación galega e no da organización da mostra— e **Xosé Antonio Neira Cruz** —no dos escritores participantes—. A exposición recolle varios libros ilustrados en lingua galega.

Presentación de 'Galician Books'. O 24 de marzo, os nosos editores amosaron a calidade das súas producións máis recentes e os autores máis vendidos e traducidos. A Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural, da Consellería de Cultura e Deporte, deu a coñecer no posto institucional a actualidade emer-

xente da nosa literatura infantil e xuvenil. Ademais do habitual catálogo *Galician Books for Children & Young Adults 2009*, editado en galego, inglés e castelán, este ano incorporáronse dúas novidades: a promoción da obra de **Agustín Fernández Paz** —o autor máis premiado e traducido da literatura galega actual— e a edición en inglés dunha antoloxía dos nosos narradores, *Chronicles of the End of the Earth. Galician Writers of Children's and Young Adult's Narrative Literature*, producida por Gálix e Edicións Xerais e editada pola Xunta de Galicia.

Premios Boloña 2009. Acudimos á gala de presentación dos premios de Boloña 2009, que se reparten entre os mellores libros do ano. Entre os premiados este ano encontrámonos con **Alba Marina Ribera** (socia de APIC), que acadou o premio New Horizons de novos valores polo seu libro *El contador de cuentos*, editado por Ekaré, e **Ajubel** (socio de APIV), premio Fiction coa súa obra *Robinson Crusoe*, editada por Media Vaca.

Candidatos aos **Premios Andersen**. Estes premios, en honor ao escritor danés, concédense cada dous anos, desde 1956, a un escritor ou escritora e a un ilustrador ou ilustradora de libros para nenos e mozos. Estes galardóns son considerados os «pequenos Premios Nobel» da literatura infantil, en recoñecemento a unha obra completa que signifique unha contribución relevante á literatura infantil e xuvenil.

En Boloña soubemos que entre dos nomeados a este premio está este ano o noso socio **Xan López Domínguez**. O vindeiro ano desvelarase o gañador. Lembrámosvos que Xan xa estivo nomeado o ano anterior ao Astrid Lingren, que é outros dos premios máis prestixiosos da literatura infantil e xuvenil no ámbito internacional.

AGPI no Festival de Angulema

O Festival de la Bande Desinée d'Angoulême, en Francia, é o epicentro da banda deseñada europea. Este ano, como nos dous anteriores, houbo unha delegación da AGPI coa misión de seguir dando a coñecer o traballo dos autores galegos e facer novos contactos que poden resultar moi útiles á hora de presentar traballos a editores internacionais. Ademais, presentouse a exposición «10 anos de BD galega», promovida e coordinada pola AGPI en colaboración co salón coruñés Viñetas desde o Atlántico e as Xornadas de BD de Ourense.

Noticias das asociacións

As asociacións profesionais de ilustradores do resto do Estado seguen a desenvolver un importante labor para os ilustradores e ilustradoras, a través do seu traballo diario de asesoramento e defensa dos intereses do sector, e a promoción en moi diversos ámbitos. En Cataluña, **APIC**, ademais de convocar nos últimos meses os **Premios Junceda** (nas máis diversas categorías da ilustración) e os **Coll** (de proxectos de álbums de cómic), organizou, con grande éxito, as **XVI Jornades d'Il·lustradors** (co tema «Traballar nun mercado global») e as **I Jornades de Còmic Profesional**. En Valencia, **APIV** programa periodicamente na súa sede exposicións e interesantes tertulias temáticas (a última delas, coa alemá **Jutta Bauer** como convidada). En Madrid, **APIM** está a levar adiante tamén tertulias mensuais, e en decembro organizou os **VI Encuentros de Ilustradores Profesionales**. Pola súa parte, a asociación vasca, **APIE-EIEP**, participou activamente no **Salón do Cómec de Getxo** coa edición da revista *El Balanzín* e organizou unha **Jornada Profesional de Ilustradores** na Feira do Libro de Durango.

Agpi.es

- Os últimos documentos incorporados á **zona socios** da web da asociación son a versión PDF do **Libro blanco de la Ilustración en España**, cuxa versión en papel leva xa uns meses esgotada; a versión galega do **Contrato marco**, que pode resultar unha ferramenta moi útil á hora de negociar as condicións propostas desde as editoriais; os apuntamentos do **curso de serigrafía** impartido por Xulia Barros; e o **Informe sobre o Tarifario da AOI (Association of Illustrators) británica**, que ofrece unha moi ampla información sobre a profesión (funcionamentos básicos de cada sector, como calcular prezos...), na maior parte aplicable á realidade española.
- Non esquezades consultar periodicamente a nosa **sección de noticias**, onde se fala de todo tipo de eventos, exposicións e presentacións, e se dá conta dos certames e concursos relacionados coa ilustración que están en activo. Ademais, calquera dos socios e socias de Agpi pode dar publicidade a todas aquelas actividades ou publicacións relacionadas co seu propio traballo con só contactar con webmaster@agpi.es

En acción desde FADIP

FADIP —a Federación de Asociaciones de Ilustradores Profesionales, á cal pertence AGPI— desenvolve de forma cotiá diversas accións que buscan atender a xeneralidade dos ilustradores, como é transmitir a diversas editoriais informes xurídicos críticos cos modelos de contrato que ofrecen aos ilustradores. Estanse a detectar moitos casos de contratos que, aínda que poden ser negociados caso por caso, estipulan de inicio unhas condicións que van desde o abusivo até o ilegal, de forma que, mesmo despois dunha negociación, en moitas ocasións acaban sendo pouco favorables para os autores. Ademais, os ilustradores con menor experiencia poden non verse capacitados para negociar e acabar aceptando sen máis as condicións ofrecidas, o que se afasta totalmente do espírito dos acordos a que se chegara en 1999 coa Federación de Gremios de Editores, que foron plasmados no «Contrato marco». Así pois, nos últimos meses a FADIP enviou informes xurídicos a editoriais, como varias dos grupos Santillana e Everest, que supoñen unha nada desprezable cantidade de títulos no mercado e que por tanto afectan a moitos profesionais da ilustración. Na busca de mellores condicións

Dentro desta política, tamén se tenta chegar a acordos para axustar os regulamentos de diversos concursos convocados por entidades públicas e privadas ao que marca a lexislación vixente, dado que, moitas veces por descoñecemento, inclúen condicións que chocan con ela, ou que simplemente son desproporcionadas. Contactouse ultimamente, entre outros, cos organizadores do Premio Internacional de Cómec Planeta-DeAgostini e cos do Concurso Internacional de Álbum Ilustrado Biblioteca Insular – Cabildo de Gran Canaria.

Todas estas accións veñen avaladas polo servizo de asesoría xurídica de FADIP. Este servizo está tamén ao dispor dos casos profesionais de cada socio ou socia de AGPI. O asesoramento inicial é gratuito, e en caso de que haxa que exercer algún tipo de acción, os prezos son os mínimos marcados polos colexios de avogados. Só hai que contactar co delegado correspondente de AGPI, Manel Cráneo, e el reconducirá o caso a Mariona Sardà —avogada especializada en propiedade intelectual—, ou ben dará resposta directamente se existen casos semellantes producidos con anterioridade.

Contacto: manelcraneo@yahoo.es

'Compañeiros' de Xosé Tomás

GOCHI

Xosé Tomás (Betanzos, 1971) é ben coñecido na súa faceta de ilustrador de libros infantís e xuvenís e como humorista gráfico, e ás súas incursións anteriores na banda deseñada (na revista *Golfiño*, ou o álbum *Tolos*) únese agora *Compañeiros – Homenaxe ás vítimas do Portiño*, unha historia baseada en sucesos da Guerra Civil na Coruña. O álbum, ademais da súa edición impresa, conta cunha versión en PDF que pode descargarse da rede desde CulturaGalea.org.

—Cando e por que xurdiu o proxecto?

—O proxecto xurdiu hai aproximadamente un ano, cando a Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña se puxo en contacto comigo. Os feitos do Portiño estaban xa máis ou menos contados, e a propia Comisión vai publicar un libro con información exhaustiva sobre iso. Con este traballo pretendiamos sobre todo provocar emocións, empatía coas persoas represaliadas, e conciencia do terrorífico dos feitos. O obxectivo era unha obra máis de tons poéticos que informativos.

—Canto tempo lle dedicaches?

—O proceso foi longo en canto á lectura de materiais, de documentación e de informes. Pero tamén o foi para tomar decisións gráficas e de guión, a pesar de ser unha obra curta: quería, por riba de todo, falar cos silencios, reflectir a sensación de opresión e de angustia inminente. Para iso tiña que crelo e sentilo eu primeiro. Así que non deixei nin un documento sen ler, cada cal máis terrible e doloroso.

Foi un bonito traballo de acercamento á xente que o sufriu, para, dende ese punto, poñerme finalmente a debuxar. O proceso do propio debuxo foi relativamente curto, de arredor de dous meses.

—En que cres que che axudou o traballo e que achegaches ti a el?

—A min forneceu-me moita información sobre outros moitos feitos da época, e, sobre todo, momentos interminables de reflexión. Nos aspectos técnicos, nunca comprendín tan ben o valor da elipse narrativa, así como das vantaxes que a banda deseñada ten para falar de feitos dramáticos intensos nun espazo breve. E non sei moi ben o que eu lle acheguei ao traballo: espero que emocións, que realmente sentín mentres o facía.


—Que técnica usaches para a súa realización? Creo que non aplicas tinta, e coloreas sobre o lapis.

—Como case sempre dun tempo para aquí, fago os debuxos a lapis, de maneira que os aproximo o máis posible á arte final. Despois é todo un proceso infográfico (móntoo sobre texturas, coloreo co lapis óptico...). Non sei se o consigo, pero trato de que o resultado non cheire en exceso ao ordenador, para que sobreviva un aspecto «manual» ou artesán, porque creo que é esencial para transmitir calor.

—Cal é o teu próximo proxecto?

—Estou agora en diversos proxectos de ilustración infantil e multimedia. De cando en vez é bo variar, e a banda deseñada (polo menos para min) é un proceso enormemente gratificante, que produce moita satisfacción, pero resulta igualmente demoledor.

<http://www.xosetomas.es>





José Domingo fala sobre 'Cuimhne'

GOCHI

José Domingo, nacido en Zaragoza en 1982 mais «galego de adopción» desde os 8 anos —actualmente residente na Coruña—, presentou nos últimos meses o álbum *Cuimhne* (editado pola mallorquina Dolmen Ediciones), un ambicioso proxecto de banda deseñada con Kike Benlloch no guión.

—Como xurdiu o proxecto?

—Pois foi a raíz das primeiras prácticas que fixen en Dygra Films, no verán de 2004; David Rubín, ao ver o meu caderno de bosqueños, creu que o meu estilo podería irle ben a un álbum que Kike Benlloch tiña en desenvolvemento desde había tempo e púxonos en contacto. Kike e mais eu puxémonos de acordo enseguida e comezamos a traballar niso.

—Canto tempo lle dedicaches?

—En total foron uns tres anos, aínda que non continuados; primeiro fixemos o primeiro capítulo do álbum e despois movémolo para ver se conseguíamos que nolo publicasen. En Dolmen gustaron do proxecto, pero preguntaron se tiñamos máis páxinas ou se a historia se podía continuar, así que decidimos facer un segundo capítulo, que Kike xa tiña na cabeza, para completar un tomo de máis de cen páxinas. Compaxinei a realización do álbum con acabar o último ano de carreira, con facer un *máster* e despois co meu traballo en Dygra como deseñador de personaxes e debuxante de *storyboard*.

—En que cres que che axudou o traballo e que achegaches ti a el?

—Para min, *Cuimhne* foi unha escola de cómic. Nunca fixera ningunha historia longa e, para dicir a verdade, tampouco fixera moitas historias curtas antes, así que foi como lanzarme á piscina sen nada máis que ter visto uns cursos de natación en Youtube. Mais creo que son ese tipo de riscos os que fan que te esfores por non afogar e aprendas a marchas forzadas. Afrontar este reto dobre de facer dúas historias tan longas (48 e 60 páxinas respectivamente) servíume para «facer calo» e mudou a forma que tiña de encarar o traballo, a perderlle o medo. No referente ao que eu puiden achegar, aínda non o albisco. Supoño que dalgún xeito deixas o teu selo, os personaxes e o mundo que creas para a BD teñen

inevitavelmente fallos e acertos que son teus e de ninguén máis. Tamén se crea unha sinerxía especial entre guionista e debuxante, que marca o proxecto á hora de lle dar forma.

—**Como foi o traballo de investigación? Cal foi a parte que máis gozaches? (bosquexos, lapis, tinta, grises)**

—Rebusquei moito en bibliotecas para sacar documentación gráfica sobre diversos pobos antigos, buscando darlle á Idade Media en que se desenvolve *Cuimhne* unha atmosfera propia pero non forzada nin esaxerada, senón antes ben un «halo» propio. Así que fun collendo elementos que me gustaban de diferentes culturas (xaponesa, nórdica, mongol, europea...), mais sempre atendendo ás necesidades do guión e á coherencia da historia. A miña parte do proceso preferida, sen lugar a dúbidas, é a de planificación. É a máis difícil e a máis creativa, porque partes dunha folla en branco inmaculado e aí tes que crear unha secuencia cun xogo de enxeño, en que tes que aprender a te abstraer, a improvisar, a estar aberto a solucións inesperadas... Despois, tamén me gusta moito o proceso de aplicar a tinta. Ten tamén un punto de incerteza, de deixáreste levar, pero á vez controlando moito, algo que me parece moi difícil de conseguir.

—**Como foi a túa relación co editor?**

—O noso editor en Dolmen, Jorge Iván Argiz, sempre nos animou a que tratásemos de conseguir o mellor resultado posible, aínda que o álbum tardase máis tempo en estar listo, como de feito ocorreu. Iso motivou que nos tomásemos o tempo necesario para engadir páxinas alí onde criamos que facían falta ou modificásemos o guión para pulilo e conseguir unha historia fluída e coherente. Ademais, fixeron a aposta de facer unha edición de luxo, en capa dura, e de apoiar a saída do álbum cunha serie de presentacións por toda Galicia. A verdade é que nese sentido estamos moi contentos.

—**Proxectos futuros?**

—Agora teño moitas ganas de realizar algunhas historias como autor completo, ideas que hai tempo que teño na cabeza e que quero probarme a min mesmo que son capaz de facer. Apetéceme moito experimentar co tipo de historias que quero contar e co debuxo, explorar solucións gráficas novas.


<http://jose-d.blogspot.com/>

Miguelanxo Prado, académico da Galega de Belas Artes

A Real Academia Galega das Belas Artes Nosa Señora do Rosario nomeou a Miguelanxo Prado membro de número da sección de Artes da Imaxe, por proposta do fotógrafo Xurxo Lobato, o arqueólogo Felipe Senén e o arquitecto José Ramón Soraluze, dentro da apertura da institución académica a novas facetas da creación. Desde a AGPI felicitamos a Miguelanxo por este extraordinario recoñecemento, que indubidablemente merece, e estamos seguros de que desde a súa nova posición como académico seguirá a defender e traballar polo mellor recoñecemento do cómic e a ilustración.

Manel Cráneo e 'Os Lobos de Moeche'

Durante o mes de abril foi presentada en diversas librarías de Galicia a nova BD a cargo de Manel Cráneo, *Os Lobos de Moeche*. Trátase dunha historia inspirada na Revolta Irmandiña, no século XV, está a ter moi boa aceptación do público. A edición, a cargo de Demo Editorial, contou coa colaboración de Euroeume, que utilizará o cómic como peza promocional do Museo do Castelo de Moeche.



Traballar con axentes

Habitualmente, os ilustradores xestionan a súa propia carteira de clientes mediante o trato directo con editoriais, axencias de publicidade, produtoras, etc. Noutros casos, prefiren ser representados por axentes ou axencias de ilustradores.

Que fai un axente? A cambio dunha porcentaxe dos ingresos do ilustrador, o axente promove o autor, achega os seus propios contactos e encárgase das negociacións. Hai axentes que asinan contratos en exclusiva cos autores, aínda que estes adoitan excluír a clientela previa do autor ou limitar a exclusividade a unha zona xeográfica ou a un mercado concreto.

A prol:

- Xestionan negociacións, papeis, cobramentos e prazos de entrega.
- Fan promoción activa. Hai editoriais que só son accesibles a través de axente.
- A súa carteira de clientes supera a do ilustrador medio.
- Coñecen o mercado e as tarifas, e saben negociar, o que presupón mellores prezos.

En contra:

- A súa mediación pode illar os ilustradores dos seus clientes.
- A miúdo, as axencias cobran por figurar nos seus catálogos e galerías web.
- Non garanten un volume de traballo mínimo.
- Ao filtraren as ofertas, inflúen na orientación da carreira do ilustrador.

Hai ilustradores interesados en ser representados por axencias, mais convén escoller a que mellor se axuste ao perfil de cada un. A especialización dos axentes nun mercado pode ser un tanto a favor como en contra: depende de se o ilustrador está interesado en promoverse máis nese sector ou se, polo contrario, prefire diversificar o seu campo de acción. Aínda neste último caso, non habería problema se o contrato co axente non é en exclusiva.

É rendible ter un axente? Para saber isto, hai que valorar o tempo que nos aforra e, ademais, sopesar se nos proporcionará maior volume de traballo, a mellor prezo do que poderíamos conseguir pola nosa conta. Con estes datos nun lado da balanza, só nos queda pór no outro a porcentaxe da súa comisión (que pode variar dependendo do tipo de encargo, mesmo na mesma axencia), sumado aos demais gastos que a súa representación poida supor. Lamentablemente, non hai forma de saber todo isto a priori, mais un xeito útil de resolver esta dúbida é consultar varios ilustradores representados pola mesma axencia e comparar as súas respostas, que é o que fixemos.

Como filtro de calidade que supoñen de cara ao cliente, moitas axencias teñen un número limitado de autores e poden permitirse ser selectos co tipo de ilustrador que deciden representar. Patricia Castelao e Manuel Lariño son dous dos nosos socios que colaboran con Shannon Associates (Nova York, EUA), e compartiron connosco algunhas das súas experiencias.

—Como chegaches a ter un axente?

Patricia: A través de Internet; adoitan ter un apartado en que che din o que tes que lles enviar (currículo, ademais dunhas imaxes, normalmente entre 4 e 10) para eles valorar si representarte ou non. Envieino a unhas dez ou quince axencias e só en tres chegaron a interesarse.

Manuel: Sempre aborrecín o papelame que é necesario facer sendo ilustrador, entre facturas, contratos, enviar promocións, as chamadas de teléfono, etc. Gustábame a idea de ter alguén que fixese todo ese labor por min, e así poder centrarme no meu traballo. Por esta razón, enviei mostras a unhas dez axencias que me gustaban; tres contestaron interesadas en representarme, e tiven que decidir.

—En que condicións colaboras?

Patricia: Eles levan o 25%, temos exclusividade excepto en España (é negociable), e pagamos aproximadamente 500 euros de promoción ao ano, que se descontan dos proxectos que che ofrecen.

Manuel: Quedan cun 20%, e teñen exclusividade en todo o mundo menos en España, tampouco poden tocar a ningún cliente internacional que tiña antes de asinar con eles. As promocións acostuman ser postais que envían á súa carteira de clientes, e páxinas en anuarios de ilustración; todo é descontado pouco a pouco dos traballos que vou realizando.

—Estás satisfeito/a coa relación?

Patricia: Si, moito. É unha forma máis fácil de te dares a coñecer no estranxeiro (e, por tanto, de te abrires a novos mercados) que pola túa propia conta. Encárganse de todas as negociacións, tanto de diñeiro como de prazos. En caso de queres romper o contrato, nos seguintes meses terías que lles dar o 25% dos novos contratos conseguidos con editoriais con que eles te puxesen en contacto, e a partir dos seis meses es totalmente libre; paréceme razoable.

Manuel: O positivo: saber que alguén vai buscar un prezo xusto polo meu traballo, e que se encarga de que os clientes asinen os contratos; recibir o *briefing* e pórme a traballar sen ter que facer nada máis. O negativo: no meu caso, os clientes que ten o meu axente en carteira non usan moito o meu estilo de ilustración —é un punto en que non caera ao buscar alguén que me representase, e que terei en conta no futuro—; ter que meterlles presión de cando en vez para que me encontren máis traballos (funciona). Se alguén está interesado en ter un axente, aconséllolle que busque un que transmita confianza e teña un bo portafolios de ilustradores, con estilos similares ao seu, pero que non sexan competencia directa.

Enlaces

http://www.shannonassociates.com/industry/industry_links.cfm
<http://folioplanet.com/illustration/Representatives>
http://www.theaoi.com/Mambo/index.php?option=com_weblinks&Itemid=4
<http://www.saahub.com>
<http://www.spar.org>
<http://www.lesagentsassociates.org>